

PREFACIO DA AUTORA
Á TERCEIRA EDICIÓN EN ITALIANO DE

*As confesi3ns dunha filla do s3culo*¹

A aparici3n deste libro hai cinco anos causou unha grande estupefacci3n. Al3n de que a autora era practicamente unha descoñecida, a insolencia que revelaba ao concibir, escribir e dar a coñecer esta novela torn3baa moi estraña.

Decote, os principiantes teñen outra traza. Am3sanse vacilantes no paso, humildes no aspecto, inseguros con respecto 3 súa meta. En min non existe ningunha destas indecisi3ns ambulatorias. Talvez porque co meu libro non tiña pensado para nada camiñar, amosarme nin dirixirme a un punto de chegada determinado.

Escribín *As confesi3ns dunha filla do s3culo* pola raz3n m3is an3dina de todas as que poidan incitar un escritor: porque un editor me pedira un traballo. C3mpre convir, en verdade, que non se podía estar menos inspirada. Pero cando, pouco despois, se publicou o volume, a m3is marabillada de todos fun eu. O volume «facía ruído», como se adoita dicir. Tanto o p3blico coma a

¹Traducci3n e notas a cargo de Isabel Soto.

crítica amosaron o seu entusiasmo: o público, esgotando en breve prazo a primeira edición; a crítica, tratando de todas as maneiras, incluídas as eloxiosas, a autora. Foi, en definitiva, un «éxito literario», como tamén se di.

Dende o meu recanto –onde vivo, entre risas e imprecacións–, pensaba: «Vaiteis, vaiteis...! Fíxate que alboroto! De verdade «acertei»? De verdade «caín en picado» nunha deses pozas que semellan mortas porque a auga está estancada, pero que, en cambio, tan pronto como un croio cae sobre elas, desencadean voces e movementos da máis intensa vitalidade?».

A valoración do éxito financeiro preocupábame ben pouco. É sabido que en Italia non se fan millóns escribindo libros. No noso país máis ca en ningún outro, malia ser considerado unha terra de poesías e mesmo o celeiro do mundo, con eles non se gaña para pan. Nin falar!

Tampouco non me preocupaba a valoración do éxito artístico. En ningún territorio onde se aprenda a ler, a escribir e a facer contas a crítica literaria é máis desasisada ca na nosa analfabeta Italia, aínda que fóra dos nosos confíns o mundo venere a crítica como a nai de toda arte e cultura, pasada e futura.

Poucos, moi poucos, se cadra escasísimos entre os numerosos artigos escritos en honra e en descrédito do meu novo libro, evidenciaron no crítico unha simple pero clara comprensión do que eu pretendera ao escribilo. Houbo quen o cualificou de «divertido», talvez porque, pese ao suicidio, nel había amantes, e os amantes, xa se sabe, resultan hoxe *cómicos*; e houbo quen o cualificou nada menos que de «pornográfico»,

quizais precisamente por ese Entroido que son os amores que conducen ao suicidio. Un ignorante que suspendeu os recentes exames de bacharelato incluso o definiu como «un parto laborioso», e esqueceu o cualificativo de «monstruoso», moito máis intimidatorio, pois, de feito, os afixamentos, a febre, as ansias e os berros das quince noites nas que o libro foi escrito fixeron que se coasen non poucas ofensas ao fermoso estilo italiano.

Todos dixeron abertamente, ou insinuaron, que estas *Confesións* eran a miña autobiografía, coma se, viva e arrodeada de familia e parentes e con relacións sociais con outros seres humanos, puidese divulgar con tan tranquila indiferenza a cantidade de asuntos pecaminosos que lle concirnen á heroína, suponse que eu, e toda a sucidade degradante que a circunda! Pero, repito, nada disto me preocupaba. Era o éxito moral o que me sorprendía e me afagaba máis ca calquera outro. Porque, en definitiva, se ben a misión do escritor non se reduce a gañar o pan e o compango, tampouco non consiste en crear unicamente obras de arte. A perfección da obra debe ser o medio, non a finalidade, para quen desexa que o seu nome non morra agostado denantes de que esponte o sol.

Un artista que non sexa un simple chupatinta deforme, un van manipulador de luces, ten o cometido principal de facer da arte un medio de educación moral, de facer xurdir dende o seu intelecto a chama que debe iluminar cun gran resplandor o horizonte indefinido do futuro, de captar o misterio e presentalo, perfumado coa súa precocidade, ante a mirada asombrada do contemporáneo.

Hai cinco anos, cando escribín este libro, a miña audacia semellaba grande, e houbo quen a considerou ousada e quen a cualificou de cínica.

Pasa o tempo, e as súas pernas son tan fortes e veloces na carreira que algún non crería que ese vellouqueiro é en realidade un valiosísimo corredor de maratón. E todo pasa con el para precipitarse pretérito, tamén as audacias ousadas ou cínicas dunha escritora que, xacando, parecía unha pioneira.

Hoxe, mentres a terceira edición deste meu libro se ofrece ao público, dúas mulleres de diferentes países, de diferentes status sociais pero iguais condicións morais, aínda que non na forma da catástrofe final, quixeron facer na realidade o que eu, de maneira premonitoria, fixen na arte. E a narración das súas vidas corre polas mans do público como xa corre a narración fantástica, e o público, pasmado e conmocionado pola nova e meirande audacia, le, comenta e abraia.

A condesa Linda Bonmartini² e a princesa Luísa

²Linda Murri, de nome real Teodolinda Murri (Fermo, 1871-Roma, 1957), filla do famoso profesor e médico Augusto Murri (Fermo, 1841-Boloña, 1932), foi unha das protagonistas do denominado caso Murri – considerado o primeiro proceso espectáculo pola gran resonancia que acadou entre o público e a prensa mundial, debido á ilustre procedencia da familia–, que rematou coa súa condena por complicidade no asasinato do seu esposo, o conde Francesco Bonmartini. Linda Murri, tras vivir unha frustrada historia de amor con Carlo Secchi, un pupilo do seu pai, coñeceu o conde veneciano Francesco Bonmartini, co que casou en 1892. Unha vez establecidos en Padua, nunha residencia escura e incómoda, axiña o conde deu mostras do seu carácter groseiro e reaccionario. A parella tería dous fillos: unha filla, case repudiada polo aristócrata, que desexaba un varón, e un neno de condición enfermiza. Bonmartini, empeñado en graduarse en Medicina, ao carecer dos estudos previos necesarios, solicitou a mediación do sogro para inscribirse na universidade, pero este negouse a axudalo. Ao tempo, as continuas disputas entre os cónxuxes levaron finalmente á separación legal en 1899, solicitada por Linda, que retomou

de Saxonia³ publicaron as súas memorias. Tamén elas,

entón a súa relación con Carlo Secchi, ao que frecuentaba coa complicidade da súa doncela Tisa Borghi, tamén ela amante durante un breve tempo do mesmo home. En 1902, alentada por amigos e familiares como o seu irmán Tullio –que sentía por ela un afecto obsesivo–, Linda reconciliouse co conde Bonmartini, aínda que a parella chegou ao acordo de continuar vivindo cadansúa vida. Bonmartini, xa médico, insistía sen éxito en que o sogro o axudase a obter o cargo de asistente na Universidade de Boloña, até o punto de ameazar a Linda con quitarlle os fillos se non lograba o seu desexo. Ela, cada vez máis desesperada, deixouse convencer polo irmán e a amante deste, a institutriz Rosina Bonetti, da necesidade de eliminar a Bonmartini antes de que el acabase con ela. Ao cabo, o 28 de agosto de 1902 atopouse o cadáver do conde na súa casa en Boloña en avanzado estado de descomposición. A policía descubriu entón un apartamento veciño ao do conde que fora alugado por Linda cun nome falso para as súas citas con Carlo Secchi. Sen esperar ao funeral do home, Linda refuxiouse coa súa familia en Suíza para escapar do escándalo. Sería o seu pai –ao que algunhas voces consideraron responsable do ocorrido por educar os fillos segundo os principios laicos e progresistas– quen o 11 de setembro denunciase o seu fillo Tullio como o autor do asasinato, tras llo confesar este nunha carta na que recoñecía o seu desexo de que a súa irmá se afastase por sempre do conde. Linda foi encarcerada co resto dos cómplices: o seu irmán, Rosina Bonetti, o médico Pio Naldi e Carlo Secchi, todos eles acusados de organizaren o crime. O xuízo, que tivo lugar en Torino entre os meses de febreiro e agosto, rematou coa condena de Linda a dez anos de prisión. En 1906, o rei Víctor Manuel III indultouna para recompensar a Augusto Murri por salvar da morte por tifo a súa filla, a princesa Mafalda. Linda volveu casar con Francesco Egidi, o preceptor dos seus fillos, e trasladouse a Roma, onde escribiu libros de parapsicoloxía até a súa morte. As súas *Memorias*, ao coidado de Luigi di San Giusto, pseudónimo da escritora Luisa Macina Gervasio (Trieste, 1865-Pisa, 1936), publicáronse en 1906.

³Luisa de Toscana (Salzburgo, 1870-Bruxelas, 1947), de solteira Louise Antoniette, princesa imperial e arquiduquesa de Austria, filla de Fernando IV de Tuscany e da súa segunda esposa Alicia de Parma. Casou en 1891 con Federico Augusto de Saxonia, herdeiro ao trono, pero non chegou a ostentar o título de Raíña Consorte pola ruptura do seu matrimonio. A súa actitude heterodoxa e rebelde fronte á estrita etiqueta da corte saxoa converteuna nunha figura popular. En 1902 abandonou o seu home, embarazada por sétima vez, despois de que o sogro a ameazase con internala nun hospital psiquiátrico, e deixou os seus seis fillos para marchar con André Giron, preceptor dos nenos, co que conviviou varios anos. Divorciouse en 1903, e o emperador Francisco Xosé retiroulle as honras e privilexios de arquiduquesa. Casou en 1907 co músico Enrico Toselli, co

coma Viviana, son dúas esposas, dúas mulleres, dúas adúlteras, dúas «señoras». E son, alén diso, dúas nais, algo que Viviana non era! A primeira, encarcerada por complicidade non necesaria no asasinato do home; a segunda, excluída do trono, libre para o mundo. A única diferenza entre as dúas mulleres é esta, a cal é así mesmo completamente formal. No fondo, entre unha burguesa ennobrecida no cárcere e unha raíña de paseo non existe diferenza en canto á decadencia: o «castigo», como o denomina a sociedade, é de igual valor.

Velaquí, xa que logo, dúas mulleres que tiveron durante meses e meses a pancarta da actualidade; ao redor das cales, durante meses e meses, se encarnizou con infatigable constancia a curiosidade da multitude, e cuxa vida foi lanzada pedazo a pedazo como pasto ás ávidas fauces da opinión pública; dúas mulleres que non se contentaron co que lles foi mostrado ou dito, nin se adaptaron ao xuízo que delas e das súas accións se derivou, nin acougaron ante a sentenza que das súas personalidades íntimas e sociais foi emitida. Sorprendidas e oprimidas pola tormenta á que se viron arrasadas, atemorizadas polo asañoamento da vulgaridade colectiva que caera sobre elas como sobre unha presa exquisita, estas fillas do século calaron até agora.

Logo, simultaneamente, coma se un imposible acordo as unise nun propósito, abandonaron a pasividade e o silencio, sacudiron o torpor da sorpresa, a angustia e a ansia nas que caeran despois do seu desastre, e, co dereito que posúe todo acusado a pedir a palabra perante o

que tivo un fillo e do que se divorciou en 1912. Publicou as súas memorias en 1906.

tribunal acusador, arengaron esa mesma multitude que lles cuspira, apresadas na picota da praza.

Máis resolutas ou máis afortunadas ca Viviana, elas non agardan as horas tremendas da agonía para botarlle na cara á sociedade o seu acerbo reproche, senón que se rebelan aínda vivas e novas e prontas a retomar a loita contra o destino que as condenou ao ocaso moral e social.

Non lin as memorias de Luísa de Toscana, publicadas en Viena e rexeitadas pola propia protagonista por apócrifas. E tampouco non lin as que Linda Murri lle confiou á habilidade literaria dunha novelista italiana. Da primeira coñezo toda a súa vida, narrada na paz, vulgar e toscana, da Villa Papiniano; da segunda sei o que resultou do proceso e o que imaxino, que seguro é máis e máis exacto ca os propios resultados.

Fillas todas dunha mesma sorte –raíñas e plebeas, nobres e burguesas, escritoras e ignorantes–, cada muller sabe de cada muller. A mesma estreiteza de horizontes que nos foi imposta ao nacer, a idéntica misión que nos foi atribuída, a irmandade da educación moral que nos aprenderon, os ideais que nos inculcaron, os prexuízos que nos impuxeron, outórgannos a capacidade dunha comprensión mutua da que carecen os homes.

A muller, no fin de contas, foi creada para ser femia, e máis nada. En troques, o home foi creado para todo, para facer de rei ou para facer de cigarreiro, pero non para ser varón. A nosa sempre foi unha misión unicamente natural; a do home, unicamente social. A sexualidade masculina considerouse un accidente; a feminina foi elevada a institución.

Así, de muller a muller, por todos os chanzos da escada corre unha fraternidade psíquica, se non intelectual, unha fraternidade de instintos, se non de gustos, unha fraternidade de sensacións, se non de sentimentos, que nos fai aptas para a intuición e comprensión inmediata e exacta cando se trata das «nosas cousas».

Tanto máis cando todas estas heroínas, fantásticas e reais, máis ca delincuentes foron pecadoras, e a muller, se ben non sabe elevarse case nunca para comprender un delito, sempre sabe rebaixarse para comprender o pecado. A muller vive do pecado, mesmo se non peca, pois toda a súa vida se basea nel.

Aínda é cativa e xa ese gran *coco*, aterrador e intrigante coma todos os monstros, a sinala. Aínda ignora o porqué das súas saias en comparanza cos pantalóns do irmán e xa lle aprenden –con moito misterio das razóns, pero con moita perentoriedade nas afirmacións– que o gran *coco* aniña precisamente entre as súas saias... E así, ano tras ano, día tras día –rapariga, moza, señorita–, sempre o horror e a fascinación polo pecado se axitan diante dela, que fica perturbada, preocupada, azorada, conmovida e tentada até a chegada dun, o marido, que lle revela o gran nada dese tan esaxerado misterio.

Paullette, de Gyp, afirma á maña seguinte da primeira noite nupcial⁴: «Ce n'est que ça! C'est bien la peine

⁴Pseudónimo da condesa de Martel, Sybille Gabrielle de Mirabeau de Gonnevill (Castelo de Coëtstal, 1849-Neuilly-sur-Seine, 1932) que alcanzou un notable éxito en Francia polos seus escritos e caricaturas cargados de forte crítica social. De cativa recibiu clases de ximnasia, esgrima, equitación, vestía de neno nas vacacións, xogaba cos soldados que lle regalaba o seu avó e participaba nas conversas sobre guerra e política que o coronel mantiña coas súas amizades. Ademais, segundo revelou nas súas memorias, *Souvenirs d'une petite fille*, mantiña unha tensa relación coa

de faire tant d'histoires! Il n'y a pas de quoi fouetter un chat!»⁵. Madría leva! E sobre similar miseria foi construído todo o edificio da existencia feminina!

Este é o erro fundamental que conduce ás mil aventuras e mil traxedias das mil Vivianas burguesas e coroadas destes nosos tempos. Para as mulleres –para todas as mulleres–, o pecado é unha obsesión; a substancia do pecado, o amor, é unha turbación. Só se vive para el, sexa téndoo sempre diante coa ansia de escorrentalo ou coa agonía de gozalo. A virtude non é máis ca o coñecemento do mal. Quen ignora o mal non precisa ser virtuoso. A virtude feminina non é máis ca a arma para enfrontarse ao inimigo: mais para poder saír vitoriosa cómpre que a femia non o converta no argumento de cada acción, na finalidade de cada pensamento. *Estote parati, tamquam leo rugiens, circuit quaerens quam devoret*, din as Sagradas Escrituras⁶.

nai, Marie Le Harivel de Gonville, á que consideraba oposta en gustos e rival literaria e que se ausentaba con frecuencia para atender os seus compromisos sociais, deixándoa cos avós. A maior parte das súas personaxes femininas caracterízanse polo emprego dunha linguaxe desenfadada, rebelde e próxima ao argot que se mostra nas súas novelas dialogadas, nas que a presenza do narrador queda case desterrada. Unha das súas protagonistas máis emblemáticas é Paulette d'Hautretran –heroína das comedias *Autour du mariage* (1883), *Autour du divorce* (1886)–, que por mor das súas opinións se converteu nun modelo feminino de independencia e modernidade, aínda que en realidade reflicte a contraditoria posición da autora, que se manifestou contraria ao divorcio, ao dereito ao voto da muller, ao acceso desta á vida pública e política, por máis que os seus discursos resultasen modernos na súa época e fose contraria ao uso do corpiño e do protocolo.

⁵En francés no orixinal: «Así que era iso! Non pagaba a pena tanta historia! Non é cousa doutro mundo!».

⁶A cita exacta que aparece nunha das versións da Biblia (1Pedro, 5:8) é: *Estote vigilate quia adversarius vester diabolus tamquam leo rugiens circuit quaerens quem devore*, «Sede sobrios e velade. O voso adversario, o Demo, rolda como león que roxe, buscando a quen devora».

E, deste modo, a forza de estar alerta, acábase fraterizando co león.

O erro fundamental da educación feminina é concentrarse nun único e cativo concepto. Se o feminismo non fixese outra cousa que arrincarlle á muller este insoporrible tormento da preponderante, única e envolvente preocupación da súa sexualidade, iso sería xa bastante benemérito, aínda que non conseguise máis nada.

Unha pregúntase a cada instante –xa que a cada instante xorden ocasións– que remedio atopar ante o cúmulo de traxedias pasionais, públicas e privadas. E a resposta é sempre absurda por inútil e insuficiente.

Ao meu ver, o nó da embrolla reside aquí: dádelle ás mulleres calquera outro elemento de vida, pensamento e paixón que non sexa aquel famoso *coco*, que mesmo a cativa sabe agochar entre as súas saias. E dado que a esposa debe ser muller ante todo, porque debe ser nai, lograde que non faga da súa feminidade, da súa maternidade, só unha razón de virtude ou pecado, só un argumento de fisioloxía, inicial e final.

O amor –chamémoslle con este nome pudicamente convencional– é unha función máis: poñede o amor tamén para a existencia da muller no estado de función, concorrente, xunto a outras e segundo a súa respectiva e relativa importancia, co seu benestar físico e a súa satisfacción moral. E non vos apliqueades, cun tesón digno de mellor causa, a inculcar na muller o convencemento de que esta función é, ou debe ser, unha finalidade en si mesma, nin de que a muller –ao contrario ca o home– non ten misións que levar a cabo nin ideais que cultivar alén da función de satisfacer.

Ninguén lle pide que se lance aos fragores, á política, á rivalidade profesional contra o varón. Secasí, canto «ben» lle faría ao mundo para todos e para todas! E ninguén se molestou nunca en mostrarnos este «ben» a nós, as mulleres. Só se nos mostrou o mal, sempre, sempre!

Bendita a nai que lle aprenda á súa cativa en que consiste e como se fai este «ben». A nena, convertida en muller, non precisará suicidarse como Viviana, nin acabar no cárcere coma Linda Murri, nin andar perdida polo mundo, ludibrio das cortes e diversión dos gallofeiros, como Luísa de Toscana, e non terá, sobre todo, a necesidade de escribir *Confesións* para xustificar os seus erros e acadar o perdón.

DONNA PAOLA

